



Os segadores de Camba
cando baixamos pra Ulla

- Teño aí as coplas eu.

IV 52a

Os segadores de Camba
cando baixamos pra Ulla
e levámoslos fouciños
con moi pouca carabuña.

En canto non ven o amo
empezamos de segar
botamos a mau á pedra
empezamos de afiar.

Lalala...

Apareceu o amo
falando como un amigo
entón arriba rapaces
eí ven o noso castigo.

En canto non ven amo
empezamos de segar
botamos a mau á pedra

- Pra enredar botaban a mau á pedra e tiraban non sabes pra descansar.

Apareceu o amo
falando como un amigo
entón arriba rapaces
eí ven o noso castigo.

- Despois ven a ama, non sabes (...)

I-a tía Sabela rebeteando
e cos ollos lostregando.
Fai coa cabeza mil moecas
e coa cara cen caretas.

- Sabes, viña que non lle gustaban os seghadores coño que non seghaban ben e poñía mala cara. Teño aí a copla.

Así botamos seis días
na casa da tía Sabela
arrastrados de traballos
sin ghanar unha cadela.



- Sálenos as aughas malas polo escuro dos pantalóns xa me mexaban por si de tanto traballar (ri). (...) Da Bandeira, por un músico tamén.
- Quen fixo esta copla?
- O director da banda de Merza. Pero hai moitos anos.
- No 1916?
- Si! Así que... fíjese! Xa pasa de (...)

A provincia de Lamejo
untamento de Cirela

- Que son untamentos, son parroquias, son lugares.

vive Policarpio Toca
a súa muller Sabela.

Esos teñen unha filla
de moi boas condicións
solo que lle gustan moito
os que gastan pantalóns.

A rapaza que se chama
María Toca Corbada
ten un mozo molangueiro
deses de pata cerrada.

Un día o trusmán do mozo
dixolle á linda María
que quería ir ver a cama
donde a rapaza durmía.

- A rapaza que era entendida moi natural e moi fina...
- Sigue cantando.
- Foille ensinar o niño onde durmía a cadela, comprende? En vez de ensinarlle a cama, non sabe? E co espertíño que era o home pensando que era na alcoba durmiuse perna tendida pensando que era na alcoba. (...)E se quere voulla buscar (...) Pola noite con sospeito sentiu un ruído e pensando que era a moza fixo que estaba durmido. Pero despois... alá pola media noite entre as pulgas e a cadela sacáronlle os pantalóns. Pensaba que era a moza e era a cadela que se deitaba con el. E cheo de pulgas... Ao outro día á mañan cando a rapaza o houbo de ver doulle un susto que houbo de morrer, sabe? E despois dicía... pero non está ben copiado. Esto... á mañan despois dicía. Foron buscar o leite para aplicarlle a medicina, foron buscar unha sabia, non sabe?

Outra versión do mesmo informante en:
MPG_SchSa_0231_008_en_A_Estrada_VI_2_4



IV52c
Os segadores

Comparsa para el Carnaval de Merza – 1917

Alternativas.- Cantar dos segadores.

Letra e música de Ramón Sueiro Ramos.

Versión escrita, transcripción literal no Cancioneiro popular Galego.

Vamos rapaces
colled'os fouciños
que xa está o amo
inchand'os fuciños

ya tía Xabela rebeteando
he cos ollos lostregando
fay coa cabeza mil muecas
he coa cara cen caretas

pois tía Xabela non se enfade
que esto apenas pouco vale
imoslle d'ar unha bolta os fouciños
e poñémonos a segar

os Segadores de Camba
cando baixamos pra Ulla
levámonos os fouciños
con muy pouca carabuña

cando estamos na seitura
he queremos descansar
botamos a mau a pedr
e empezamos d'afiar

Cand'o amo nos vixila
bulimos coma pra nos
sálenos a auga a madas
pola cruz dos pantalós

pero so amo se marcha
e deixa de reparar
botamos a mau a pedra
e empezamos d'afiar

canto chaman pra xantar
facemos que non oímos
pra que pensen que bulimos
e nos deixen descansar

a tarde cando volvernós
cos cadrís engruñadiños



en canto non chega o amo
afiamos nos fouciños

e logo aparece o amo
falando con un amigo
entón arriba rapaces
queiben o noso castigo

chega o amo enfadado
apurando a traballar
botamos a mau a pedra
e empezamos d'afiar

o patrón vaise enfadando
porque pouco lle facemos
pero non se da de conta
do pouco que lle comemos

mais a culpa ten'abella
porqu'ela non bay segar
botamos a mau a pedra
e empezamos d'afiar

así botamos seis días
na casa da tía Xabela
arrastrados de traballo
sin ganar unha cadela

sábado pedimos contas
porque criamos marchar
e o patrón facendo o tonto
tamen se pux'o afiar

marchamos a unha taberna
para dormir e cenar
e o outro día amañan
non oubo con que pagar

logo o amo trouxo a cuenta
do que había que lle dar
botamos a mau a pedra
e empezamos d'afiar

o amo que comprendeu
o encanto da nosa arte
dixonos adiós rapaces
ir coa música a outra parte